

## **Resolución sobre a ampliación de prazos das bases reguladoras da concesión de tres premios para emprendedores da Universidade da Coruña no marco do programa “Santander X Spain Awards | Proxectos Emprendedores Universitarios 2026”**

A Universidade da Coruña, por resolución reitoral do 27 de febreiro de 2026, convocou tres premios para proxectos emprendedores no marco do programa “Santander X Spain Awards | Proxectos Emprendedores Universitarios 2026”, de acordo co documento de adhesión asinado co Banco Santander.

Na dita resolución establecíase que:

1. O prazo de solicitude remataba o 17/04/2026.
2. A data de publicación da resolución provisional de candidaturas admitidas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC era o 27/04/2026.

Logo da comunicación recibida do Banco de Santander que modificou estas datas na súa plataforma de inscrición

RESOLVO,

1. A ampliación do prazo de solicitude establecido na convocatoria da Universidade da Coruña ata o 24/04/2026.
2. Fixar como data de publicación da resolución provisional de candidaturas admitidas no TEO o 29/04/2026.

A Coruña na data da sinatura electrónica  
O reitor  
PD (RR 10/07/2024)  
A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade